

Realidade económica e social

Unha primeira aproximación á realidade socioeconómica da área funcional de A Coruña pode facerse observando os datos proporcionados polo *Atlas Socioeconómico de Galicia 2006*, editado por Caixanova. Os datos recollidos nesta publicación utilizados para a análise da realidade económica e social da presente área funcional, poden ser divididos por categorías, así, dentro do ámbito económico, analizaremos datos xerais de renda, veb e produtividade, índices económicos que recollen aspectos industriais, comerciais e turísticos fundamentalmente, variables con incidencia na actividade económica así como datos da área comercial de A Coruña. Por outra banda, no que respecta ao ámbito social, analizaremos a través de diferentes índices a estrutura poboacional facendo especial fincapé na dependencia socioeconómica da área funcional de A Coruña.

O obxectivo fundamental deste capítulo é o de tratar de mostrar, dende un punto de vista estatístico, a realidade económica e social da área funcional obxecto de estudio.

Indicadores económicos

Este apartado ten por obxecto a análise da información municipal de variables e indicadores económicos básicos como son a renda familiar dispoñible por habitante, o valor engadido bruto por habitante, o índice de produtividade, cota de mercado e os índices comercial, industrial, turístico e de actividade económica en xeral. En segundo lugar analízanse indicadores de demanda tal como o número de teléfonos, entidades financeiras e vehículos de motor.

Así comezamos o estudio da realidade económica da área funcional de A Coruña cos datos recollidos no **cadro 2.1.** referidos á renda familiar dispoñible ao VEB e ao índice de produtividade.

A renda familiar dispoñible é unha variable estimada, neste caso para o ano 2005, que pode definirse como o nivel de renda de que dispoñen as economías domésticas para gastar e aforrar, ou ben como a suma de tódolos ingresos efectivamente percibidos polas economías domésticas durante un período; por isto a renda familiar dispoñible pode considerarse como o total de ingresos procedentes do traballo, máis as rendas de capital, prestacións sociais e transferencias, menos os impostos directos pagados polas familias e as cotas pagadas á Seguridade Social. Tendo isto en conta, o citado **cadro 2.1.** mostra como a renda familiar dispoñible por habitante na área funcional de A Coruña é de 11.331 euros, superior á media da provincia de A Coruña (11.288 €/h), inferior á media galega (11.833 €/h) e alonxada

Renda, VEB e produtividade na área funcional de A Coruña

	Poboación 2006	Renda familiar dispoñible por habitante 2005 (€/hab)	VEB por habitante	Índice de produtividade 2001 (Base: Galicia=100)
A Coruña	380.987	11.792	21.607	112
Abegondo	5.773	9.990	11.589	107
Arteixo	26.739	10.147	26.429	116
Bergondo	6.539	12.002	24.030	95
Cambre	22.092	10.796	15.343	159
Carbal	5.579	10.764	14.744	126
A Coruña	243.320	12.177	23.643	106
Culleredo	26.547	11.028	15.359	152
Oleiros	31.264	12.204	15.401	158
Sada	13.134	11.306	17.072	127
Betanzos	39.182	10.599	15.317	107
Aranga	2.230	9.459	12.362	99
Betanzos	13.165	11.220	18.953	101
Cesuras	2.391	9.897	8.920	123
Coirós	1.654	10.012	10.713	119
Curtis	4.287	10.872	23.222	110
Irixoa	1.552	9.968	10.631	105
Miño	5.162	10.955	11.894	137
Oza dos Ríos	3.184	10.581	11.199	99
Paderne	2.735	9.616	13.499	151
Vilarmaior	1.326	9.883	10.887	135
Vilasantar	1.496	9.736	13.160	70
Fisterra	24.126	9.936	14.814	116
Cee	7.489	10.711	17.804	101
Corcubión	1.912	10.587	11.413	87
Dumbria	3.970	9.580	25.332	304
Fisterra	5.009	9.271	9.020	92
Muxía	5.746	9.546	9.778	81
Terra de Soneira	20.399	10.005	13.504	97
Camariñas	6.323	10.112	11.217	89
Vimianzo	8.402	9.908	15.133	107
Zas	5.674	10.188	13.678	92
Bergantiños	70.213	10.027	13.478	102
Cabana de Bergantiños	5.199	9.561	10.187	77
Carballo	29.985	10.233	15.764	101
Coristanco	7.582	9.590	10.391	119
A Laracha	10.803	9.916	13.481	132
Laxe	3.489	9.712	10.769	104
Malpica de Bergantiños	6.567	10.017	11.890	83
Ponteceso	6.588	10.323	12.508	95
Área funcional de A Coruña	534.907	11.321	19.464	-
Provincia A Coruña	1.129.141	11.288	17.513	103

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

Cadro 2.1.

da renda dispoñible media española (13.309 €/h); a nivel comarcal, só a comarca de A Coruña supera a media provincial con 11.792 €/h de renda familiar dispoñible media, fronte ás restantes catro comarcas que compoñen a área funcional que non acadan á media da área. A nivel municipal existen no conxunto da área funcional seis concellos que superan os 11 mil euros de renda familiar dispoñible: Bergondo, A Coruña, Culleredo, Oleiros, Sada e Betanzos, destacando os concellos de A Coruña e Bergondo, con 12.177 €/h e 12.002 €/h respectivamente.

A segunda variable a ter en conta é o Valor Engadido Bruto por habitante (VEB/h), variable estimada, tal como acontecía coa variable anterior, para o ano 2005, e que se obtén como saldo da conta de produción, isto é, como diferenza entre a produción de bens e servizos e o consumo intermedio, referidos ambos ao conxunto de ramas de actividade económica e tódolos sectores institucionais.

Conta de renda dos fogares 2002

		Recursos				Empregos		
		Excedente de explotación bruto / Renda mixta	Remuneración asalariados	Prestacións sociais	Outros recursos	Impostos renda e patrimonio	Cotizacións sociais	Renda dispoñible bruta
		(Base 2000) (€/habitante)						
A Coruña		2.415	8.945	2.165	663	1.442	2.437	10.310
	Abegondo	2.648	5.363	2.137	329	449	1.583	8.445
	Arteixo	2.237	7.846	1.329	382	681	2.165	8.948
	Bergondo	2.270	7.814	2.051	417	1.234	2.164	9.154
	Cambre	2.449	9.080	1.337	318	919	2.479	9.786
	Carballo	2.598	6.082	1.891	709	565	1.768	8.947
	A Coruña	2.474	9.048	2.465	752	1.601	2.460	10.678
	Culleredo	2.010	9.498	1.446	376	999	2.548	9.783
	Oleiros	2.258	10.405	1.643	693	2.002	2.810	10.187
	Sada	2.538	7.967	1.844	722	1.088	2.202	9.771
Betanzos		2.805	3.069	1.589	217	583	1.601	8.659
	Aranga	3.608	3.075	2.230	230	225	1.090	7.828
	Betanzos	2.730	7.206	1.940	708	879	2.045	9.660
	Cesuras	2.879	3.631	2.542	176	255	1.169	7.804
	Colrós	2.456	4.805	2.727	509	476	1.418	8.603
	Curtis	3.096	4.441	2.076	386	489	1.409	8.101
	Irixoa	3.248	3.435	2.324	259	315	1.159	7.792
	Miño	2.293	6.035	2.153	358	729	1.721	8.389
	Oza dos Ríos	2.882	4.697	2.622	406	443	1.442	8.722
	Paderne	2.848	4.934	2.546	338	439	1.491	8.736
	Vilarmaior	2.283	4.363	2.382	153	371	1.287	7.523
	Vilasantar	2.996	3.472	2.194	196	218	1.145	7.495
Fisterra		2.240	4.506	1.683	963	372	1.320	7.700
	Cee	2.351	5.927	1.786	1.434	579	1.702	9.217
	Corcubión	1.726	5.838	1.740	831	576	1.599	7.960
	Dumbría	2.154	3.803	1.746	685	347	1.156	6.885
	Fisterra	1.957	4.215	1.594	680	229	1.191	7.026
	Muxía	2.577	3.138	1.572	888	198	1.004	6.973
Terra de Soneira		2.774	3.589	1.571	1.593	270	1.149	8.108
	Camariñas	2.435	3.365	1.582	2.380	250	1.013	8.499
	Vimianzo	2.785	3.656	1.481	939	285	1.185	7.391
	Zas	3.129	3.737	1.686	1.669	269	1.246	8.706
Bergantiños		2.824	5.269	1.714	755	386	1.577	8.598
	Cabana de Bergantiños	2.680	4.161	1.731	539	240	1.294	7.577
	Carballo	2.977	6.111	1.566	811	484	1.813	9.168
	Coristanco	2.508	4.990	1.765	786	283	1.488	8.278
	A Laracha	2.950	5.326	1.613	752	394	1.584	8.663
	Laxe	2.362	4.136	1.520	1.266	265	1.236	7.783
	Malpica de Bergantiños	2.777	4.544	2.031	478	301	1.373	8.156
	Ponteceso	2.763	4.263	2.176	684	353	1.317	8.216
Área funcional de A Coruña		2.506	7.573	2.013	694	1.135	2.151	9.739
Provincia A Coruña		2.450	7.041	2.074	628	935	1.966	9.292

(1) Os Datos comarcais e do total da Área funcional calcúlanse tendo en conta a poboación do ano 2002, así como o valor absolutos dos sinalados conceptos en cada concello
 Fonte: IGE e elaboración propia

Cadro 2.2.

Por outra banda é importante ter en conta as diferenzas existentes entre a renda familiar dispoñible por habitante e as estimacións que poidan realizarse do VEB/h, sobre todo cando se establecen comparacións entre concellos ou comarcas.

Neste senso observamos como o VEB/h de media na área funcional de A Coruña acadou os 19.490 euros, aproximadamente un 11% superior ao VEB/h medio da provincia de A Coruña, superior tamén, nun 16,5%, ao VEB/h medio galego e inferior nun 6,6% ao VEB/h medio existente en España. A comarca de A Coruña é a única que con 21.607 €/h de VEB, supera as medias tanto provincial galega e nacional, fronte as catro comarcas restantes que non acadan a media establecida na área funcional. Sen embargo a nivel municipal observamos a existencia na área funcional de seis concellos que superan a media da área funcional, Arteixo con 26.429 €/h, Dumbría con 25.332 €/h, Bergondo con 24.030 €/h, A Coruña con 23.648 €/h, Curtis con 23.222 €/h e Ponteceso con 21.508 €/h.

O rateo entre valor engadido bruto total e a poboación ocupada a nivel municipal, representa o índice de produtividade; este índice calcúlase tendo en conta a poboación ocupada derivada do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001, e é un índice simple que se obtén con base veb/ocupados Galicia=100.

No que respecta ao citado índice de produtividade, dentro da área funcional de A Coruña, catro das cinco comarcas que a integran, superan o índice galego, Fisterra (116), A Coruña (112), Betanzos (107) e Bergantiños (107), mentres que a nivel municipal, observamos como o concello de Dumbría, concello destacado en canto a veb/h, tamén destaca no que respecta ao índice de produtividade cun valor de 304, sen embargo obsérvase así mesmo como concellos non significativos en canto a volume de veb/h, destacan en canto ao índice de produtividade, sendo este o caso de concellos como Cambre ou Oleiros con índices de produtividade de 159 e 158 respectivamente.

Antes de seguir analizando os indicadores e variables económicas proporcionados polo *Atlas socio-económico de Galicia* para os concellos da área funcional, e coa intención de completar esta primeira visión xeral da renda dos concellos da área, é importante analizar o indicador municipal de renda, así como a conta de renda dos fogares da que se deduce o citado indicador. O indicador de renda municipal é un instrumento básico á hora de analizar a distribución de renda dos fogares residentes en Galicia dende un punto de vista municipal.

A variable que mellor reflicte o nivel de renda das familias residentes nun determinado territorio económico é a Renda Dispoñible Bruta, que se obtén como a diferenza entre recursos e empregos da Conta de renda dos fogares. Esta conta está recollida no **cadro 2.2.**, que pasamos a analizar brevemente a continuación.

O sector fogares comprende os individuos ou grupos de individuos, tanto na súa condición de consumidores como, eventualmente, na de empresarios, sempre que, neste último caso, as actividades correspondentes non sexan realizadas por entidades diferenciadas tratadas coma cuasisociedades. Na súa condición de consumidores, os fogares poden definirse como pequenos grupos de persoas que comparten un mesmo aloxamento e poñen en común unha parte ou a totalidade das súas rendas e o seu patrimonio, e que consumen colectivamente determinados bens e servizos, principalmente de aloxamento e alimentación.

A conta da renda dos fogares para os concellos da área funcional de A Coruña, reflicte en primeiro lugar que o recurso máis importante nas cinco comarcas que compoñen a área funcional, así como en todos os concellos da mesma salvo o concello de Aranga, é a remuneración dos asalariados que comprende toda a remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable; en canto ao volume deste recurso, destacan os concellos de Oleiros, Culleredo, A Coruña e Cambre, todos eles na comarca de A Coruña.

O segundo recurso en canto ao seu volume dentro da área funcional é o excedente de explotación bruto e a renda mixta, definido como o excedente xerado pola produción por conta propia de servizos de alugamento das vivendas ocupadas polos seus propietarios e a renda mixta que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario de empresas non constituídas en sociedades, ou os membros da súa familia, e que non poden distinguirse dos seus beneficios como empresario. A remuneración media por este concepto no conxunto da área funcional é de 2.506 euros, fronte aos 2.450 euros da provincia de A Coruña.

Dentro dos empregos da renda dos fogares, as cotizacións sociais son, nos 35 concellos da área funcional de A Coruña, o emprego máis importante en canto a volume. Incluíndose neste *emprego*, tanto as cotizacións sociais efectivas como as imputadas; as cotizacións sociais efectivas comprenden todos os pagamentos que as persoas aseguradas ou os seus empregadores fan, directamente ou a través dun

Indicador municipal da renda dos fogares 2000-02

	2000	2001	2002
	(Base 2000)		
A Coruña			
Abegondo	96	94	93
Arteixo	105	101	98
Bergondo	104	103	100
Cambre	114	110	107
Carbal	99	97	98
A Coruña	121	118	117
Culleredo	113	110	107
Oleiros	117	114	112
Sada	112	108	107
Betanzos			
Aranga	81	85	86
Betanzos	109	109	106
Cesuras	84	85	86
Coirós	99	98	94
Curtis	89	90	89
Irixoa	82	84	85
Miño	95	93	92
Oza dos Ríos	95	95	96
Paderne	97	96	96
Vilarmador	83	84	83
Vilasantar	82	83	82
Fisterra			
Cee	98	100	101
Corcubión	86	84	87
Dumbria	71	74	76
Fisterra	72	72	77
Muxía	74	76	76
Terra de Soneira			
Camariñas	87	92	93
Vimianzo	78	81	81
Zas	93	93	96
Bergantiños			
Cabana de Bergantiños	78	81	83
Carballo	99	100	101
Coristanco	87	88	91
A Laracha	93	94	95
Laxe	80	82	85
Malpica de Bergantiños	87	89	89
Ponteceso	87	89	90

Fonte: IGE

Cadro 2.3.

organismo recadador, a institucións que conceden prestacións sociais, a fin de adquirir ou manter o dereito a estas prestacións; inclúense as cotizacións sociais efectivas a cargo dos empregadores, dos asalariados, dos traballadores autónomos e desempregados. As cotizacións sociais imputadas representan a contrapartida das prestacións sociais directas dos empregadores.

A diferenza entre os recursos e os empregos de renda, proporciona a Renda Dispoñible Bruta dos 35 concellos da área funcional, elemento básico no cálculo do Indicador Municipal da Renda dos Fogares. A renda dispoñible bruta, tal como se observa no citado cadro 2.2., da provincia de A Coruña sitúase en 9.292 euros, valor que é superado por seis concellos dos 35 que compoñen a área funcional, A Coruña (10.678), Oleiros (10.187), Cambre (9.786), Culleredo (9.783), Sada (9.771) e Betanzos (9.660).

Tomando a renda dispoñible bruta media de Galicia no ano 2002 como base 100 (9.117 €/h=100), observamos como, tal como se refire no **cadro 2.3.**, o índice municipal da renda dos fogares do ano 2002 dos concellos da área funcional de A Coruña, reflicte que os concellos de Bergondo, Cambre, A

Coruña, Culleredo, Oleiros, Sada, Betanzos e Carballo superan ou igualan a media de renda galega con índices de 100, 107, 117, 107, 112, 107, 106 e 101 respectivamente, así mesmo destacan a estabilidade ou lixeiro ascenso dos índices municipais no período 2000-2002 nas comarcas de Fisterra, Terra de Soneira e Bergantiños, e o descenso nas comarcas de A Coruña, e Betanzos.

Para completar esta primeira aproximación á realidade económica da área funcional de A Coruña analizamos a continuación tanto os chamados indicadores económicos, e as variables con incidencia na actividade económica da área.

Dentro dos índices económicos, o **cadro 2.4.** mostra tanto a cota de mercado coma os índices de participación territorial para os 35 concellos que compoñen a área funcional.

A **cota de mercado** é un indicador da capacidade de consumo comparativa dos diferentes concellos, neste caso referida ao ano 2006 expresando a participación, en tanto por dez mil, de cada concello sobre unha base para o total de Galicia de 10.000 unidades. Así a provincia de A Coruña alcanza a maior importancia en canto a capacidade de consumo das catro provincias galegas, co 40,1% da cota de mercado galega; dentro desta provincia a área funcional de A Coruña acada o 48% da cota mercado da provincia, e o 19,3% da cota de mercado galega; dentro da área funcional a comarca con maior cota de mercado é a de A Coruña cun valor de 1.403, o que representa case seis veces o valor da cota de mercado da segunda comarca en importancia por este concepto dentro da área funcional que é Bergantiños con 235 puntos. A nivel municipal A Coruña cunha cota de mercado de 952 puntos é, con diferenza, o concello cunha maior capacidade de consumo, existindo dentro da área funcional analizada só un concello máis que supera o límite de 100 puntos de cota de mercado, Carballo (106).

Dentro dos índices de participación territorial, analizamos en primeiro lugar o **índice de poboación**; este é un índice comparativo da importancia da poboación de cada concello a un de xaneiro de 2005, reflectindo o peso relativo, en tanto por dez mil, da poboación dun municipio respecto do total de Galicia, con base poboación de Galicia=10.000 unidades.

Este índice está relacionado coa anteriormente analizada cota de mercado, xa que esta última é fundamentalmente función da poboación e do seu poder adquisitivo, así os resultados do índice de poboación reflecten como a provincia de A Coruña acolle o 40,8% da poboación galega, da que o 47,9% reside na área funcional de A Coruña, sendo o concello de A Coruña o mais relevante poboacionalmente, acoollendo a mais do 48% da poboación total da área funcional e ao 10% da poboación total galega.

O segundo índice representado no **cadro 2.4.** é o chamado **índice industrial**, este é un índice comparativo da importancia da industria, incluída a construción, de cada concello referido ao ano 2005. Este índice elabórase en función do Imposto de Actividades Económicas (IAE) correspondente ás actividades industriais. O valor do índice reflicte o peso relativo, en tanto por dez mil, da industria dun concello respecto ao total de Galicia, en base: total euros de recadación de impostos (IAE) en Galicia=10.000 unidades.

O **cadro 2.4.** mostra na columna referida ao índice industrial como a provincia de A Coruña acada 4.104 unidades das 10.000 galegas, o que supón que o 41% da actividade industrial galega medida baixo os anteriormente citados parámetros, está localizada na dita provincia, dentro da que a área funcional de A Coruña representa o 21,5% da actividade industrial galega; a nivel municipal destaca, tal como acontecía na análise dos anteriores índices, o concello de A Coruña cun índice industrial de 1.037 unidades, acoollendo polo tanto ao 10,3% da actividade industrial, incluída construción, de Galicia; sen embargo é importante destacar o elevado índice do concello de Arteixo, concello que acada un valor no índice industrial de 322 unidades, o que supón que o 3,2% da actividade industrial do conxunto de Galicia está localizada neste concello que no ano 2005, ano ao que se refire este índice, contaba cunha poboación de 26.272 habitantes.

Índices de participación territorial na área funcional de A Coruña 2005, 2006

	Cota de mercado 2006	Índice de poboación 2006	Índice industrial	Índice comercial	Índice de restauración e bares 2005	Índice turístico	Índice de actividade económica
(Base: Galicia = 10.000)							
A Coruña	1.403	1.395	1.608	1.798	1.814	1.804	1.909
Abegondo	16	21	9	10	14	2	11
Arteixo	89	97	322	107	85	47	169
Bergondo	27	24	36	45	20	46	34
Cambre	69	80	52	67	49	2	57
Carbal	22	20	14	10	18	5	15
A Coruña	952	897	1.037	1.378	1.399	1.415	1.439
Culleredo	82	96	82	52	75	83	69
Oleiros	98	113	37	84	97	130	76
Sada	48	47	19	45	57	74	39
Betanzos	138	143	150	117	140	37	125
Aranga	6	8	6	6	8	1	5
Betanzos	53	48	44	55	64	11	54
Cesuras	6	9	2	4	3	1	3
Coirós	4	6	4	2	5	1	3
Curtis	20	15	52	16	20	5	27
Irixoa	5	6	4	5	2	1	3
Miño	18	19	6	9	21	10	10
Oza dos Ríos	11	12	7	9	7	2	7
Paderne	7	10	14	5	4	1	7
Vilarmaior	4	5	3	3	3	2	2
Vilasantar	4	5	8	3	3	2	4
Fisterra	76	87	128	53	70	81	78
Cee	30	27	31	26	33	31	29
Corcubión	6	7	1	2	7	10	3
Dumbria	10	14	87	5	4	3	32
Fisterra	14	18	2	10	14	17	6
Muxía	16	21	7	10	12	20	8
Terra de Soneira	75	74	68	53	69	27	56
Camariñas	22	23	11	14	26	16	13
Vimianzo	30	30	45	24	24	7	28
Zas	23	21	12	15	19	4	15
Bergantiños	235	254	192	183	230	101	176
Cabana de Bergantiños	15	19	10	8	10	7	8
Carballo	106	108	85	100	108	71	92
Coristanco	22	27	17	11	12	2	12
A Laracha	35	39	35	25	47	6	28
Laxe	11	13	5	9	11	3	6
Malpica de Bergantiños	22	24	19	15	20	9	15
Ponteceso	24	24	21	15	22	3	15
Área funcional de A Coruña	1.927	1.953	2.146	2.204	2.323	2.050	2.344
Provincia A Coruña	4.012	4.080	4.104	4.377	4.489	4.662	4.272
Área funcional/Provincia (%)	48,0	47,9	52,3	50,4	51,7	44,0	54,9

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

Cadro 2.4.

O **índice comercial** é un índice comparativo da importancia do comercio, maiorista e retalista conxuntamente, de cada concello referido ao ano 2005. Este índice elabórase en función do Imposto de Actividades Económicas (IAE) correspondente ás actividades comerciais. O valor do índice reflicte o peso relativo, en tanto por dez mil, da actividade comercial dun concello respecto ao total de Galicia, en base: total euros de recadación de impostos (IAE) en Galicia=10.000 unidades.

Neste senso, o 44% do total de IAE por actividade comercial recadado en Galicia corresponde á provincia de A Coruña, do que o 50,4% recádase na área funcional de A Coruña, representando esta porcentaxe provincial o 22% do total galego. Dentro da área funcional destaca con gran claridade o concello de A Coruña cun valor do seu índice comercial de 1.378 unidades, o segundo máis elevado das sete

grandes cidades galegas, por detrás de Vigo, o que supón que o 62,5% da actividade comercial existente na área funcional de A Coruña está localiza no concello de A Coruña.

O **índice turístico** representado tamén no **cadro 2.4.**, é, ao igual que os índices anteriormente analizados, un índice comparativo da importancia turística de cada concello, referido ao ano 2005. Este índice obtense en función da cota ou imposto de actividades económicas (IAE) correspondente ás actividades turísticas, o cal basease á súa vez na categoría dos establecementos turísticos, número de habitacións, e ocupación anual; polo que constitúe practicamente un indicador da oferta turística. O valor do índice indica, igual que os anteriores, a participación en tanto por 10.000 de cada concello sobre o total galego de 10.000 unidades.

Este índice reflicte como o 20,5% da oferta turística total galega está localizada na área funcional de A Coruña, da que o 69% pertence ao concello de A Coruña que acada un valor no seu índice turístico de 1.415 unidades.

No que respecta a este índice destacar a escasa relevancia do mesmo nos concellos costeiros da comarca de Fisterra, Camariñas ou Malpica, que acadan en tódolos casos valores do índice turístico inferiores a 50 unidades, moi lonxe dos valores acadados por concellos da provincia de Pontevedra como Sanxenxo ou O Grove que acadan valores superiores a 600 e 300 puntos respectivamente.

O último índice analizado é o **índice de actividade económica**, este é un índice comparativo do conxunto da actividade económica municipal no ano 2005. Obtense en función do imposto correspondente ao total de actividades económicas empresariais (industriais, comerciais e de servizos) e profesionais. O valor do citado índice expresa a participación da actividade económica, en tanto por 10.000 de cada concello sobre unha base galega de 10.000 unidades equivalente á recadación do imposto de actividades económicas, empresariais e profesionais en Galicia.

O índice de actividade económica, tal como se mostra no **cadro 2.4.**, segue a tendencia xeral observada nos índices anteriores, así o 42,7% da actividade económica total galega, medida seguindo os criterios sinalados, está localiza na provincia de A Coruña, da que o 54,9% pertence á área funcional de A Coruña que acolle ao 23,4% da actividade económica de Galicia. Dentro da área funcional destaca a comarca de A Coruña cun índice de actividade económica de 1.909 puntos seguida a distancia pola comarca de Bergantiños cun índice de 176 puntos. A nivel municipal segue a ser o concello de A Coruña o que presenta un maior valor acadando un índice de actividade económica de 1.439 unidades, seguindo do concello de Arteixo (169 unidades), Carballo (92 unidades) e Oleiros (76 unidades).

Se comparamos a participación territorial dos índices de poboación e de actividade económica, observamos que no conxunto da área funcional só sete concellos seguen a liña provincial no que respecta á diferenza favorable entre a participación da actividade económica (índice de actividade económica) e a participación da poboación (índice de poboación), destacando o concello de A Coruña (onde a participación económica é 3,7 puntos porcentuais superior a súa participación poboacional no conxunto de Galicia).

Tamén é destacable a diferenza que existe no concello de A Coruña cuxa poboación é o 8,9% da galega, e a súa actividade turística acada o 14,3% da existente na Comunidade.

Para completar unha visión resumida e global da realidade económica da área funcional, analizaremos a continuación unha serie de variables económicas recollidas no **cadro 2.5.**, que, ao contrario dos índices económicos anteriormente analizados expresados en porcentaxes, estas variables son magnitudes expresadas en valores absolutos e que recollen aspectos do contexto económico da área analizada proporcionando unha idea cualitativa das distintas comarcas.

Así, o **cadro 2.5.** recolle en primeiro lugar o volume de teléfonos existentes na área funcional así

Telefonos e oficinas bancarias na área funcional de A Coruña

	Telefonos a 1/01/2006			Oficinas bancarias a 1/01/2007			
	Uso doméstico	Resto	Total	Bancos	Caixas de aforro	Coop. Crédito	Total
A Coruña	120.163	49.058	169.220	202	183	1	386
Abegondo	1.562	334	1.896	1	1	-	2
Arteixo	5.945	2.787	8.732	10	10	-	20
Bergondo	2.000	1.201	3.201	5	1	-	6
Cambre	6.378	1.941	8.319	7	6	-	13
Carral	1.523	499	2.022	5	2	-	7
A Coruña	83.741	34.849	118.590	148	141	1	290
Culleredo	5.026	2.759	7.785	9	9	-	18
Oleiros	9.927	2.961	12.888	11	9	-	20
Sada	4.061	1.727	5.787	6	4	-	10
Betanzos	10.628	3.505	14.131	20	10	-	30
Aranga	557	121	679	-	-	-	-
Betanzos	3.442	1.740	5.182	9	4	-	13
Cesuras	725	64	788	1	-	-	1
Colirós	451	114	565	-	-	-	-
Curtis	1.143	505	1.647	4	2	-	6
Irixoa	441	66	507	-	1	-	1
Miño	1.430	474	1.904	4	2	-	6
Oza dos Ríos	916	180	1.096	2	1	-	3
Paderne	744	117	860	-	-	-	-
Vilarmaior	361	45	406	-	-	-	-
Vilasantar	418	79	497	-	-	-	-
Fisterra	5.170	1.699	6.867	9	8	-	17
Cee	1.673	842	2.515	4	3	-	7
Corcubión	496	171	667	1	1	-	2
Dumbria	782	136	917	-	2	-	2
Fisterra	977	276	1.253	2	1	-	3
Muxía	1.242	274	1.515	2	1	-	3
Terra de Soneira	4.570	1.437	6.006	11	9	-	20
Camiñas	1.577	425	2.002	4	3	-	7
Vimianzo	1.746	583	2.328	4	3	-	7
Zas	1.247	429	1.676	3	3	-	6
Bergantiños	16.209	5.278	21.484	20	20	-	40
Cabana de Bergantiños	1.147	221	1.367	-	1	-	1
Carballo	6.482	2.792	9.274	10	8	-	18
Coristanco	1.727	338	2.065	-	2	-	2
A Laracha	2.723	806	3.529	2	3	-	5
Laxe	777	209	985	1	1	-	2
Malpica de Bergantiños	1.716	447	2.163	3	2	-	5
Ponteceso	1.637	465	2.101	4	3	-	7
Área funcional de A Coruña	156.740	60.977	217.708	262	230	1	493
Provincia A Coruña	320.646	116.297	436.943	512	445	3	960

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

Cadro 2.5.

como o seu uso, diferenciando entre uso doméstico e outro uso; neste senso, o 49% e o 52% dos teléfonos de uso doméstico e non doméstico respectivamente existentes na provincia de A Coruña están localizados na área funcional de A Coruña, sendo os concellos con maior poboación, A Coruña, Oleiros, Carballo e Arteixo, os que posúen un maior número de teléfonos, existindo para o ano 2006, 4,8 teléfonos por cada 10 habitantes no concello de A Coruña, e 4,1, 3,1 e 3,2 teléfonos por cada 10 habitantes nos concellos de Oleiros, Carballo e Arteixo respectivamente.

Por outra banda o 51,3% das entidades financeiras existentes na provincia de A Coruña están localizadas na área funcional de A Coruña. Por volume de sucursais destaca o concello de A Coruña con 290, seguido por Oleiros e Arteixo con 20 sucursais cada un.

Outra variable económica importante á hora de analizar o panorama económica da área funcional é o parque de vehículos existente na área, **cadro 2.6.**, que mostra como na área funcional están localizados o 47,2% do total de vehículos existentes na provincia de A Coruña, así como o 50,1% das matri-

Parque de vehículos de motor da área funcional de A Coruña 2006

	Automóviles	Camionetas e furgonetas	Motos	Outros	Total vehículos	Matriculaciones
Área funcional de A Coruña	243.858	36.910	12.201	6.398	299.367	22.098
A Coruña	174.615	24.809	9.363	3.917	212.704	16.578
Betanzos	17.643	2.628	908	557	21.736	1.284
Fisterra	9.252	1.566	326	304	11.448	851
Terra de Soneira	8.955	1.798	348	389	11.490	704
Bergantiños	33.393	6.109	1.256	1.231	41.989	2.681
Provincia A Coruña	516.781	77.488	24.596	14.058	632.923	44.083
Área funcional/Provincia (%)	47,2	47,6	49,6	45,5	47,3	50,1

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

Cadro 2.6.

culacións, sendo a comarca de A Coruña a que acolle a maior densidade tanto de vehículos como de matriculacións, das cinco comarcas que compoñen a área funcional.

Área Comercial de A Coruña

Para finalizar esta aproximación á realidade económica da área funcional de A Coruña, o **cadro 2.7.**, así como o **mapa 2.1.**, mostran algúns datos da área comercial de A Coruña, definida como o espazo xeográfico formado polo conxunto de municipios cuxa poboación se sinte atraída comercialmente polo concello de A Coruña, que constitúe a cabeceira da área comercial. As áreas comerciais non coinciden xeograficamente coas áreas funcionais e non teñen por qué estar xeograficamente limitadas polas fronteiras provinciais.

O volume de individuos que gravitan directamente á cabeceira da área comercial é de 490.146 persoas, o que implica que realizan directamente as súas compras na cabeceira de área sen gravitar sobre un concello cabeceira de subárea comercial, se temos en conta os individuos que gravitan directamente nas cabeceiras de subáreas, concellos de Betanzos, Carballo e Cee, e polo tanto, que son individuos de gravitación compartida, a área comercial de A Coruña acolle a un total de 910.075 individuos, tal como se observa no **cadro 2.7.**

Para analizar a importancia económica ou a capacidade de consumo do concello de A Coruña, como cabeceira de área comercial, analizaremos o mercado potencial, entendido como o volume de vendas anual do comercio retalista dun concello ao longo dun ano (neste caso 2005). No caso do concello de A Coruña as citadas vendas estímase indirectamente a través do gasto realizado no ano 2005 nos establecementos comerciais do concello, polos consumidores domiciliados no concello (mercado potencial local), polos residentes no resto da área comercial (mercado potencial resto de área) e polos turistas (mercado potencial do turismo).


Por outra banda, o mercado potencial do concello de A Coruña móstrase desglosado atendendo á tipoloxía do ben adquirido: alimentación, vestido e calzado, fogar, resto de non alimentación e total non alimentación. O concepto *Alimentación* refírese aos gastos realizados en alimentación e bebidas (alcohólicas e non alcohólicas), que inclúen os gastos en pan e cereais, carnes, peixe, leite, ovos e queixo, aceites e graxa, froitas e legumes, patacas e outros tubérculos, azucre, café, te, cacao e outros produtos alimenticios, así como bebidas non alcohólicas e bebidas alcohólicas. Tratándose en todo caso de produtos consumidos no fogar.

Resumen datos de poboación área comercial de A Coruña 2007

Zonas	Nº habitantes	área comercial
		(%)
Cabeceira da área comercial de A Coruña	243.320	27
Concellos que gravitan directamente á cabeceira da área	490.146	54
Subáreas comerciais	176.609	19
Área comercial non cabeceira de área	666.755	73
Área comercial total	910.075	100

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

Cadro 2.7.



Mapa 2.1.

Mercado potencial das áreas comerciais de Galicia 2005

Concellos cabeceira de área	Poboación (01/01/07)	Gasto total por habitante (€)	Mercado potencial local	Mercado potencial resto área e turismo (millóns de €)	Mercado potencial total
A Coruña	243.320	3.409	830	275	1.105
Ferrol	76.399	3.358	257	51	308
Lugo	93.450	3.427	320	125	445
Ourense	108.137	3.213	347	143	490
Pontevedra	80.096	3.456	277	125	401
Santiago de Compostela	93.458	3.358	314	166	480
Vigo	293.255	3.170	930	158	1.088

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

Cadro 2.8.

Mercado potencial de produtos alimentarios das áreas comerciais de Galicia 2005

Concellos cabeceira de área	Poboación (01/01/07)	Gasto alimentación por habitante (€)	Mercado potencial local	Mercado potencial resto área e turismo (millóns de €)	Mercado potencial total alimentación
A Coruña	243.320	1.670	406	138	545
Ferrol	76.399	1.704	130	26	157
Lugo	93.450	1.669	156	63	219
Ourense	108.137	1.640	177	78	256
Pontevedra	80.096	1.635	131	61	192
Santiago de Compostela	93.458	1.704	159	87	247
Vigo	293.255	1.650	484	85	569

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

Cadro 2.9.

O termo *vestido e calzado*, comprende os gastos realizados en vestido e calzado excluindo as reparacións.

O termo *fogar*, comprende os gastos que se realizan en mobles, artigos de mobiliario, artigos para o fogar e gastos de conservación correntes da casa así como en accesorios fixos, alfombras, téxtiles, aparatos de calefacción, cociña, frigoríficos, entre outros

O concepto *resto de non alimentación*, recolle os gastos en aparatos de radio, televisión, material fotográfico, instrumentos de música, embarcacións e outros bens recreativos, xoias, artigos de viaxe e de papelería, entre outros.

Tendo en conta os conceptos sinalados os **cadros 2.8., 2.9. e 2.10.** mostran datos dos mercados potenciais comparados dos sete concellos cabeceira de área comercial existente en Galicia.

Dada a poboación e gasto medio por habitante, o volume do mercado potencial de A Coruña é de 1.104 millóns de euros, dos que 830 millóns de euros corresponden ao mercado potencial local e os restantes 275 millóns de euros ao mercado potencial do resto da área e do turismo. Así o mercado potencial do concello de A Coruña é o máis importante de Galicia, seguido do concello de Vigo cun mercado potencial total de 1.088 millóns de euros (**cadro 2.8.**).

Desagregando este mercado potencial entre alimentario e non alimentario, o **cadro 2.9.** mostra os mercados potenciais alimentarios dos sete concellos cabeceira de área. O gasto por habitante en pro-

Mercado potencial de produtos non alimentarios das áreas comerciais de Galicia 2005

Concellos cabeceira de área	Poboación (01/01/07)	Gasto por habitante (€)		Total non alimentación		Vestido e calzado	Mercado potencial local (millóns de €)		Mercado potencial resto da área e turismo	Mercado potencial total non alimentario
		Fogar	Resto non alimentación	Fogar	Resto non alimentación		Fogar	Resto non alimentación		
A Coruña	243.320	353	770	1.739	150	86	187	423	137	560
Ferrol	76.399	334	560	1.654	58	26	43	126	25	151
Lugo	93.450	405	478	1.759	82	38	45	164	61	226
Ourense	108.137	362	443	1.576	83	39	48	170	64	234
Pontevedra	80.096	381	653	1.821	63	30	52	146	64	210
Santiago de Compostela	93.458	334	560	1.654	71	31	52	155	79	233
Vigo	293.255	387	478	1.520	192	114	140	446	73	519

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

Cadro 2.10.

duto alimentarios, na área comercial de A Coruña sitúase en 1.670 euros, o máis elevado por debaixo do gasto nos concellos de Ferrol e de Santiago de Compostela, así o mercado potencial alimentario do concello de A Coruña sitúase en 545 millóns de euros, dos que 406 millóns de euros corresponde ao mercado potencial local e 138 millóns de euros ao mercado potencial do resto da área e ao turismo.

Finalmente, no que respecta ao mercado potencial de produtos non alimentarios, o **cadro 2.10.** mostra coma na área comercial de A Coruña o gasto máis elevado por habitante é o destinado ao concepto “*resto non alimentación*” con 770 euros, seguido do gasto destinado a vestido e calzado, con 616 euros por habitante, e do fogar con 353 euros por habitante, sendo polo tanto o gasto medio en A Coruña en produtos non alimentario de 1.739 euros por habitante. Tendo en conta a poboación e o sinalado gasto medio, o mercado potencial da área comercial de A Coruña en produtos non alimentarios ascende a 560 millóns de euros, dos que 423 corresponden ao mercado potencial local e 137 millóns de euros ao mercado potencial do resto da área e ao turismo. Neste caso A Coruña é a primeira área comercial segundo o volume do seu mercado potencial.

Indicadores demográficos

No capítulo **1.- Demografía e territorio** do presente informe analízase a estrutura poboacional da área funcional de A Coruña, entre outros extremos. Neste apartado trátase de dar unha visión da realidade social da zona a través de diversos índices demográficos, para, partindo desta visión xeral, analizar en posteriores capítulos o panorama social da área funcional.

O **cadro 2.11.** mostra como a idade media da poboación nas cinco comarcas da área funcional vai dende os 44,9 anos da comarca de A Coruña ata os 51 anos da comarca de Betanzos, sendo a comarca de A Coruña a única que está por debaixo da idade media da provincia de A Coruña que a un de xaneiro de 2006 era de 46,3 anos.

Os índices de envellecemento da poboación a nivel comarcal e municipal dentro da área funcional, reflicten en primeiro lugar que, o índice de infancia, número de nenos entre 0 e 14 anos por cada 100 habitantes, na comarca de A Coruña está por encima do índice medio provincial, así como do índice de infancia para Galicia que no citado ano sitúase no 11,3. Sen embargo este índice para o conxunto do Estado español sitúase no 14,3%, valor que dentro da área funcional só supera o concello de Culleredo.

O índice de xuventude reflicte a porcentaxe de xoves entre 15 e 29 anos por cada 100 habitantes, este índice acada o 18,9% no conxunto da provincia de A Coruña, porcentaxe que superan dúas das cinco comarcas que compoñen a área funcional, Bergantiños e Fisterra, fronte a comarcas como Betanzos que se sitúa no 16,9%; afastada do 19% de Galicia ou do 20,4% da poboación española nesta franxa de idade.

Os índices de vellez e sobreenvellecemento reflicten respectivamente o número de maiores de 65 e 85 anos sobre a poboación total das comarcas e concellos da área funcional. No que respecta ao índice de vellez, só a comarca de A Coruña, das cinco da área funcional, ten un índice de vellez inferior ao índice medio provincial (17,9%) e galego (18,7%), mentres que as restantes catro comarcas presentan valores superiores á media, acadando valores do 23,3% na comarca de Betanzos; no que respecta ao índice de vellez a nivel municipal destaca a comarca de Betanzos, onde sete dos once concellos que a compoñen, teñen un índice de vellez superior ao 25%. En todo caso, tanto a nivel comarcal como municipal, a área funcional está moi por encima do índice de vellez medio español que se sitúa no 14,8% a un de xaneiro de 2006, agás os concellos de Bergondo (11,3%), Cambre (11,4%), Culleredo (11,7%) e Oleiros (13,4%).

Ao igual que acontece co índice de vellez, dentro da área funcional analizada, a única comarca cun

Índice de feminidade, de idade media e de envellecemento na área funcional de A Coruña 2006

	Índice de feminidade	Idade media poboacional	Índices de envellecemento da poboación			
			Infancia	Xuventude	Vellez	Sobreenvellecemento
A Coruña	1,10	44,90	11,80	18,60	16,10	2,10
Abegondo	1,02	47,10	8,70	16,90	24,40	3,60
Arteixo	1,00	38,20	14,10	21,40	11,30	1,40
Bergondo	1,08	45,30	10,30	17,20	19,90	2,80
Cambre	1,03	38,50	14,70	18,30	11,40	1,40
Carral	1,05	44,20	11,30	17,90	19,40	2,80
A Coruña	1,15	43,30	10,80	18,50	17,40	2,30
Culleredo	1,06	38,50	14,70	18,50	11,70	1,30
Oleiros	1,06	40,20	14,10	18,70	13,40	1,80
Sada	1,01	43,30	10,90	17,60	17,40	2,40
Betanzos	1,05	51,00	9,10	16,90	23,30	3,60
Aranga	0,99	50,80	6,30	14,90	28,70	4,50
Betanzos	1,11	43,40	11,20	18,20	18,70	2,50
Cesuras	1,04	51,70	6,40	15,10	30,40	5,60
Coirós	1,03	48,50	7,30	17,00	24,80	4,40
Curtis	1,03	45,80	9,60	18,20	22,90	3,20
Irixoa	1,02	51,70	6,80	13,70	29,80	5,00
Miño	1,06	44,80	10,30	17,90	20,20	3,00
Oza dos Ríos	1,03	49,20	7,50	15,60	26,30	4,40
Paderne	1,05	49,90	6,40	16,10	27,30	4,60
Villamaior	0,94	48,60	7,30	16,70	26,20	4,20
Villasantar	0,93	51,40	6,60	12,70	30,70	4,70
Fisterra	1,05	46,90	11,00	19,00	18,40	2,80
Cee	1,08	42,70	11,70	19,40	17,50	2,40
Corcubión	1,06	43,20	11,20	17,60	16,70	3,10
Dumbria	1,08	45,20	9,40	19,20	19,70	3,10
Fisterra	0,98	42,20	12,10	19,60	16,20	2,20
Muxia	1,04	45,80	10,30	18,40	21,10	3,60
Terra de Soneira	1,04	48,50	10,20	18,60	20,50	3,00
Camariñas	1,03	43,90	11,00	18,90	19,50	2,20
Vimianzo	1,05	45,10	10,40	18,70	20,10	3,10
Zas	1,04	46,30	9,10	18,40	22,20	3,70
Bergantiños	1,04	47,70	10,50	19,00	19,50	2,70
Cabana de Bergantiños	1,03	46,10	9,10	18,30	21,40	3,30
Carballo	1,06	41,80	12,50	19,70	16,70	2,00
Coristanco	1,06	46,50	8,70	18,60	22,90	3,20
A Laracha	1,05	45,00	9,40	18,90	20,00	3,00
Laxe	1,00	44,20	9,80	20,10	18,50	3,10
Malpica de Bergantiños	1,05	47,10	8,40	16,50	22,70	3,30
Ponteceso	0,99	46,80	8,30	19,00	23,20	3,20
Provincia A Coruña	1,08	46,30	11,20	18,90	17,90	2,50
Total Galicia	2,66	46,80	11,30	19,00	18,70	2,80
Total España	9,27	40,10	14,30	20,40	14,80	1,90

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

Cadro 2.11.

Índice de sobreenvellecemento inferior á media provincial é A Coruña, cun índice de 2,1%, destacando, igualmente, a comarca de Betanzos co maior índice de sobreenvellecemento da área funcional (3,6%).

Partindo da estrutura poboacional analizada, a continuación, o **cadro 2.12.** mostra os índices de dependencia existentes na área funcional, tanto a nivel comarcal como municipal a un de xaneiro de 2006.

O índice de dependencia dos nenos, mostra o número de nenos (de 0 a 14 anos), por cada 100 adultos en idade de traballar (de 15 a 64 anos); dentro da área funcional esta porcentaxe só é superior á media provincial (16,4%) na comarca de A Coruña (16,9%), tamen superior á media galega (16,8%). Ningún dos concellos da área funcional acada a media española (20,7%), aínda que os concellos de Cambre (20,3%), Culleredo (20,3%) e Oleiros (19,9%), todos eles pertencentes á comarca de A Coruña, son os que máis se aproximan.

Índices de dependencia socio-económica na área funcional de A Coruña 2006

	Nenos	Maiores	Nenos e maiores	Estrutura da poboación en idade potencialmente activa	Reemprazo poboación en idade potencialmente activa
A Coruña	16,90	26,00	42,90	106,50	84,20
Abegondo	13,80	44,30	58,10	101,00	73,70
Arteixo	19,20	17,30	36,50	131,90	116,50
Bergondo	15,30	33,70	49,00	84,90	69,10
Cambre	20,30	17,60	37,90	122,50	109,40
Carbal	16,90	33,40	50,30	100,90	70,80
A Coruña	15,60	28,50	44,10	102,60	77,90
Culleredo	20,30	18,00	38,20	123,30	105,70
Oleiros	19,90	21,50	41,30	103,30	95,90
Sada	15,80	28,70	44,50	97,60	82,40
Betanzos	14,10	41,90	56,00	95,90	76,40
Aranga	10,50	55,10	65,60	79,80	62,80
Betanzos	16,50	31,40	47,90	106,40	86,60
Cesuras	11,20	62,30	73,50	84,00	65,50
Coirós	11,40	46,00	57,40	93,90	62,70
Curtis	15,00	40,60	55,60	96,50	107,80
Irixoa	11,70	59,60	71,30	72,20	55,90
Miño	15,50	34,90	50,40	105,00	73,70
Oza dos Rios	12,10	49,60	61,80	86,20	62,80
Paderne	10,40	51,70	62,00	83,90	68,40
Vilarmar	11,80	49,00	60,70	89,20	80,60
Vilasantar	11,30	60,90	72,20	89,70	54,60
Fisterra	16,30	31,30	47,60	97,10	86,00
Cee	17,10	29,10	46,20	104,20	88,50
Corcubión	16,30	28,70	45,00	98,00	90,40
Dumbría	14,00	33,80	47,70	93,90	82,70
Fisterra	17,40	26,40	43,80	99,40	93,90
Muxía	15,80	38,00	53,80	88,20	77,70
Terra de Soneira	15,50	35,40	50,90	93,70	85,70
Camariñas	16,40	32,30	48,70	94,00	92,50
Vimianzo	15,70	35,00	50,70	95,60	77,90
Zas	14,00	39,80	53,90	90,40	90,90
Bergantiños	15,50	32,90	48,40	99,60	88,30
Cabana de Bergantiños	13,70	37,20	50,90	85,30	83,50
Carballo	18,20	27,10	45,30	109,30	97,80
Coristanco	13,30	40,00	53,30	92,80	85,70
A Laracha	14,00	34,20	48,20	102,40	80,10
Laxe	14,30	31,50	45,80	95,20	95,50
Malpica de Bergantiños	12,70	39,60	52,40	83,50	73,50
Ponteceso	12,80	40,40	53,10	91,70	83,10
Provincia A Coruña	16,40	29,80	46,20	104,40	88,30
Total Galicia	16,80	32,00	48,70	105,60	91,50
Total España	20,70	24,30	44,90	119,50	112,90

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

Cadro 2.12.

No que respecta ao índice de dependencia de maiores, que mostra o número de persoas maiores de 65 anos, por cada 100 adultos en idade de traballar (de 15 a 64 anos), este reflicte a estrutura das pirámides de poboación analizadas no capítulo anterior, o estreitamento no centro das pirámides poboacionais reflíctese en elevados índices de dependencia que, en tres das cinco comarcas que compoñen a área funcional supera á media galega que se sitúa no 31,2%, acadando valores de ata o 41,9% na comarca de Betanzos. A nivel municipal destacar que os catro concellos sinalados anteriormente como os de maior índice de dependencia de nenos, son os que presentan, así mesmo, os menores índices de dependencia de maiores, situándose en tódolos casos por debaixo do valor do citado índice no estado español, que é de 24,3%.

A poboación en idade potencialmente activa (de 15 a 64 anos), estrutúrase en dúas partes, de 15 a 39 anos e de 40 a 64 anos, a porcentaxe de poboación de 15 a 39 anos entre a poboación de 40 a 64 anos é o chamado índice da estrutura da poboación en idade potencialmente activa. Só na comarca de A Coruña a poboación entre 15 e 39 anos supera en número á poboación entre 40 e 64 anos, supe-

rando o valor do citado índice a nivel provincial (104,4%) e galego (105,6%), aínda que non supera o índice estatal que se sitúa no 119,5%. As comarcas de Terra de Soneira e Betanzos, acadan índices de 93,7 e 95,9% respectivamente, o que indica que nestas dúas comarcas a poboación con idade comprendidas entre 40 e 64 anos é numericamente superior á poboación de 15 a 39 anos.

Finalmente o índice de reemprazo da poboación en idade potencialmente activa, mostra a porcentaxe de poboación de 15 a 24 anos sobre a poboación de 55 a 64 anos, a un de xaneiro de 2006; este índice reflicte como nas cinco comarcas da área funcional, así como acontece para o conxunto de Galicia, o reemprazo é negativo xa que a poboación de 15 a 24 anos é inferior á de entre 55 e 64 anos, fronte ao índice de reemprazo a nivel estatal que se sitúa a un de xaneiro de 2006 no 112,9%. ■